



ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.	3
2. Marco Legal.	3
3. Configuración do DAP: profesorado e grupos.	4
4. Impacto das medidas organizativas adoptadas polo centro para curso 2020/21.	6
5. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.	7
6. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar á vista dos resultados.	8
7. Adaptación ao Proxecto Lingüístico do centro.	8
8. Medidas para estimular o interese e os hábitos lectores. Aportación ao Plan Lector do centro.	9
9. ESO. Obxectivos da etapa.	10
10. ESO. Competencias Clave. Contribución ao seu acadamento desde a materia de EPVA.	12
11. ESO. Plans de reforzo.	15
12. ESO. Criterios de promoción do alumnado.	15
13. ESO. Medidas de atención á diversidade.	16
14. ESO. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes.	17
15. ESO. Elementos transversais.	18
16. EPVA 1º ESO. Obxectivos da materia.	19
17. EPVA 1º ESO. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.	20
18. EPVA 1º ESO. Metodoloxía.	27
19. EPVA 1º ESO. Materiais e recursos didácticos.	28
20. EPVA 1º ESO. Criterios de avaliación e cualificación.	29
21. EPVA 1º ESO. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.	30
22. EPVA 3º ESO. Obxectivos da materia.	30
23. EPVA 3º ESO. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.	32
24. EPVA 3º ESO. Metodoloxía.	37
25. EPVA 3º ESO. Criterios de avaliación e cualificación.	38
26. EPVA 3º ESO. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.	39
27. EPVA 4º ESO. Obxectivos da materia.	40
28. EPVA 4º ESO. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.	41
29. EPVA 4º ESO. Metodoloxía.	48
30. EPVA 4º ESO. Criterios de avaliación e de cualificación.	48
31. EPVA 4º ESO. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.	48
32. Bacharelato. obxectivos da etapa.	49
33. Bacharelato. obxectivos da materia de Debuxo técnico 1.	50
34. Bacharelato. Procedemento para acreditar coñecementos previos no bacharelato.	51
35. Bacharelato. Elementos transversais.	



36. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.	52
37. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Metodoloxía.	59
38. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Criterios de avaliación e cualificación.	59
39. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.	61
40. Debuxo Técnico II - 2º BACH. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.	66
41. Debuxo Técnico II - 2º BACH. Metodoloxía.	72
42. Debuxo Técnico II - 2º BACH. Criterios de avaliación e cualificación.	73
43. Debuxo Técnico II - 2º BACH. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.	74
44. Procesos de mellora e retos do DAP para o videro curso 2021/22.	76
45. Actividades complementarias e extraescolares.	76
46. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	77
47. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da P.D. según os resultados académicos	77



1. Introducción e contextualización.

IES Isidro Parga Pondal. Instituto de titularidade pública no concello de Carballo, centro de referencia dos colexios:

- CEIP Bergantiños (Carballo) a 1 km do Instituto.
- CEIP Canosa – Rus (Erbecedo – Coristanco) a 13 km.
- CEIP Nétoma – Razo (Razo - Carballo) a 9 km.

No centro impártense ensinanzas de:

- Réxime ordinario:
 - Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)
 - Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía-
 - Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.
 - Ciclo formativo de grao superior de Administración de sistemas informáticos en rede.
- Réxime de adultos:
 - ESA.
 - Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.

2. Marco Legal.

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, texto consolidado
- Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro, pola que se establece o currículo básico de ESO e Bacharelato
- Real Decreto 83/1996 de 26 xaneiro polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria
- Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.



- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orden do 15 de xullo do 2015, pola que se establece a relación de materiais de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Orden do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde 25 xuño 2020 do calendario escolar para o curso 2020/21
- Orde do 16 de setembro sobre instrucións comenzo e curso 2020/21 e modificación da Orde de 25 de xuño de Calendario Escolar do curso 20/21.
- Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública (D.O.G N° 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de galicia para o curso 2020-2021.
- Proxecto Curricular do Centro.
- Proxecto Educativo do Centro.

3. Configuración do DAP: profesorado e grupos.

O profesorado que conforma o DAP e os grupos nos que imparte docencia cada membro do DAP é o que se especifica nas seguintes táboas:



Francisco Jaureguizar Ortiz de Zárate				
Grupo	Materia	Sesións semanais		Sesións Totais previstas
3º ESO A	EPVA	Luns	13:10 a 14:00	2
		Martes	11:30 a 12:20	
3º ESO B	EPVA	Luns	10:10 a 11:00	2
		Mércores	11:30 a 12:20	
3º ESO C	EPVA	Luns	9:20 a 10:10	2
		Xoves	13:10 a 14:00	
3º ESO D	EPVA	Luns	12:20 a 13:10	2
		Xoves	16:40 a 18:30	
4º ESO (desdobre)	EPVA	Martes	10:10 a 11:00	3
		Mércores	10:10 a 11:00	
		Xoves	12:20 a 13:10	
1º BACH (desdobre)	DEBUXO TÉCNICO 1	Luns	8:30 a 9:20	4
		Martes	12:20 a 13:10	
		Mércores	12:20 a 13:10	
		Venres	13:10 a 14:00	
1º ESO A	REFORZO EDUCATIVO MATEMÁTICAS	Venres	12:20 a 13:10	1
3º ESO B	TITORÍA	Xoves	17:30 a 18:20	1
Sesións lectivas semanais				17



Juan Carlos Linares Regueira				
Grupo	Materia	Sesi3ns semanais		Sesi3ns Totais previstas
1º ESO A	EPVA	Luns	13:10 a 14:00	2
		Xoves	10:10 a 11:00	
1º ESO B	EPVA	Luns	12:20 a 13:10	2
		Xoves	9:20 a 10:10	
1º ESO C	EPVA	Martes	9:20 a 10:10	2
		Venres	9:20 a 10:10	
1º ESO D	EPVA	Mércores	12:20 a 13:10	2
		Venres	10:10 a 11:00	
1º ESO E	EPVA	Martes	11:30 a 12:20	2
		Xoves	8:30 a 9:20	
2º BACH (desdobre)	DEBUXO TÉCNICO 2	Luns	11:00 a 11:50	4
		Martes	13:10 a 14:00	
		Xoves	13:10 a 14:00	
		Venres	11:00 a 11:50	
1º ESO B	REFORZO EDUCATIVO MATEMÁTICAS	Xoves	11:30 a 12:20	1
1º ESO C	REFORZO EDUCATIVO MATEMÁTICAS	Mércores	13:10 a 14:00	1
Sesi3ns lectivas semanais				16



4. Impacto das medidas organizativas adoptadas polo centro para curso 2020/21.

Debido ás condicións de emerxencia sanitaria provocada pola pandemia do Covid-19, o centro atopouse na necesidade de tomar unhas medidas organizativas excepcionais algunhas das cales afectan notablemente ás materias impartidas polo profesorado do DAP. Así, cabe suñar:

- As aulas de Debuxo e artes plásticas deixan de pertencer provisionalmente ao departamento e serán adicadas a albergar grupos de Bacharelato e un grupo de 4º de ESO. Isto obriga a que as sesións de EPVA e Debuxo Técnico van ter que desenvolverse en aulas regulares co conseguinte dificultade ou imposibilidade de empregar materiais e técnicas que requiren mesas amplas e acceso directo a instalacións (auga) e utensilios como caballetes, tórculos, etc.
- Eliminación da Sección Bilingüe en inglés da materia de EPVA de 1º curso de ESO e que fora implantada no curso 2018/19.
- Desbotamento da optativa específica de Debuxo Artístico de 1º de Bacharelato.
- Adxudicar a este departamento tres horas de reforzo educativo en 1º de ESO.

5. Analise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

En xeral, o curso pasado impartíronse todas as aprendizaxes imprescindibles en todos os cursos tanto da ESO (EPVA en 1º e 3º - non houbo grupo de 4º-) como no bacharelato (debuxo técnico en 1º e 2º curso). A partires do 14 de marzo o ensino non foi presencial e levouse a cabo por medios telemáticos (aula virtual, video conferencias por Webex, plataformas para intercambio de información, etc.) que foron seguidos pola unha porcentaxe importante do alumnado matriculado. Finalmente elaboráronse uns informes individualizados onde se refictú o grao de seguemento que cada alumno fixo do terceiro



trimestre e se estableceu o plan de recuperación para aqueles que non seguiron parcial ou completamente o ensino non presencial. De cara a este curso prevense as seguintes accións para levar a cabo os reforzos indicados:

Alumnado de EPVA - 1º ESO	Non hai plan de recuperación xa que comencian etapa.
Alumnado de EPVA - 3º ESO	Non hai plan de recuperación xa que no curso anterior non tiveron a materia de EPVA.
Alumnado de EPVA - 4º ESO	Se levará a cabo o plan de recuperación previsto para o alumnado que o teña indicado no informe personalizado.
Alumnado de Debuxo Técnico I - 1º BACH	Non hai plan de recuperación xa que: - É comezo de etapa e esta materia non se cursou con anterioridade). - No curso anterior ningún alumno tivo a materia de EPVA como optativa.
Alumnado de Debuxo Técnico I - 2º BACH	Se levará a cabo o plan de recuperación previsto para o alumnado que o teña indicado no informe personalizado.

6. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar á vista dos resultados.

Nos primeiros días lectivos levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado para comprobar o grao de afianzo dos coñecementos adquiridos con anterioridade co fin de ter un mapa do nivel do alumnado e poder tomar medidas concretas encaminadas a suplir as carencias detectadas de carácter xeral.

Nivel	Sistema de avaliación inicial	Medidas a adoptar
EPVA 1º ESO	Proba na que se valorará o nivel de expresión gráfica, a creatividade e coñecementos de xeometría.	Introdución de elementos de mellora de expresión gráfica e de traballo da creatividade e conceptos xeométricos básicos nas prácticas (e nas súas rúbricas correspondentes) previstas para este curso.
EPVA 3º ESO		
EPVA 4º ESO		
Deb. Téc. I 1º BACH	Proba na que se comprobará o afianzo de conceptos e procedementos básicos estudados	O grao de afianzo da parte da materia estudada o curso/etapa



Deb. Téc. I 2º BACH	o curso/etapa pasado referente a esta materia e que son punto de partida para a materia neste nivel.	anterior marcará o punto de partida neste curso nos tres bloques que configuran a materia.
---------------------	--	--

7. Adaptación ao Proxecto Línquístico do centro.

Relación das materias impartidas polos docentes do DAP e as linguas nas que se imparten de acordo ao Proxecto lingüístico do centro:

Etapa	Materia e curso	Lingua
ESO	EPVA 1º	Galego
	EPVA 1º Secc. bilingüe	Eliminada este curso
	EPVA 3º	Galego
	EPVA 4º	Galego
Bacharelato	Debuxo técnico 1 - 1º	Castelán
	Debuxo Técnico 2 - 2º	Galego

8. Medidas para estimular o interes e os hábitos lectores. Aportación ao Plan Lector do centro.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio establece a necesidade de dedicar na ESO un tempo específico para a lectura, e sinala que se fará en todas as materias e que á súa vez se incidirá na comprensión lectora e na expresión oral e escrita.

Para traballar a lectura desde a EPVeA propóñense unha serie de pautas para seguir no desenvolvemento das clases nos distintos cursos:

- É fundamental para o traballo da comprensión lectora ler na clase. O profesorado deberá procurar que cada día un/ha alumno/a diferente lea a sección da unidade que se vai traballar en voz alta, preguntando á súa vez a outros alumnos sobre o que se vai lendo. É dicir, lemos e comprendemos o que se vai lendo como apoio á explicación do/a profesor/a.



- Outra estratexia e que, antes das explicacións, o alumnado deberá ler previamente os enunciados e instrucións das actividades propostas e despois poñer en común as ideas contidas no texto.
- Animarase ao alumnado á lectura de diversos artigos ou traballos relacionados coa materia que se estea impartindo e que aparezan nos medios de comunicación ou en medios especializados
- A comunicación de ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos relacionados cunha visión crítica das repercusións da actividade humana, fomenta o uso tanto da linguaxe verbal coma da escrita. A valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas nos medios de comunicación, como por exemplo na prensa, pode ser o punto de partida para ler artigos tanto en periódicos coma en revistas especializadas, o que estimula de paso o hábito da lectura

Se traballan as catro dimensións xerais da competencia lingüística:

– **falar e escoitar**, é dicir, ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.

A presentación de imaxes creadas coa intención de que o/a alumno/a, individualmente, en grupo reducido ou en público, describa, narre, explique, razoe, xustifique, valore a propósito da información que ofrecen estes materiais.

A exposición en voz alta dunha argumentación, dunha opinión persoal, dos coñecementos que se teñen arredor dalgún tema puntual, como resposta a preguntas concretas, ou a cuestións máis xerais, como poden ser: “Que sabes de...?”, “Que pensas de...?”, “Que queres facer con...?”, “Que valor das a...?”, “Que consello darías neste caso?”

– **ler**, é dicir, ser competente á hora de comprender e usar textos diferentes con intencións comunicativas tamén diferente.

Fomentarase a lectura en voz alta, nas sesións da clase, da parte correspondente aos contidos que hai que tratar nesa sesión, do libro de texto ou calquera outro documento usado como recurso, e se avaliarán certos aspectos: velocidade, entoación, corrección, ritmo, fonética



– **Escribir**, é dicir, ser competente á hora de compoñer diferentes tipos de texto e documentos con intencións comunicativas diversas.

Realizaranse actividades como escribir ou compoñer un texto libre sobre un determinado tema tratado durante o desenvolvemento do currículo a partir da lectura dun texto determinado. así como elaboración de resumos visuais e escritos baseados no **sketchnoting, mapas mentais e conceptuais, storytelling**, etc.

Escribir ao ditado ou realizar outro exercicio ou actividade que o/a profesor/a pode propoñer en calquera momento como complemento aos contidos tratados nas sesións de traballo.

Proposta de libros de lectura relacionados coa materia para o alumnado.

ESO	“La mirada creativa” de Peter Jenny. “Técnicas de debuxo” de Peter Jenny. “Debuxar co lado dereito do cerebro” Betty edwards.
Bacharelato	“Cómo nacen los objetos” Bruno Munari. “ Diseño y comunicación visual” Bruno Munari. “fundamentos del diseño bi- y tri-dimensional” Wucius Wong.

9. ESO. Obxectivos da etapa.

Segundo o Decreto 86/2015 de 25 de xuño, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas

e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como



medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra

condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo,

os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das

tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos

campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender , planificar, tomar

decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmenteme por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo

da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que

realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.



m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación

física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente

os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade

lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e

expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

10. ESO. Competencias Clave. Contribución ao seu acadamento desde a materia de EPVA.

O alumnado que cursa a etapa da ESO deberá desenvolver **as sete competencias clave**:

Comunicación lingüística. CCL	Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia y tecnoloxía. CMCCT	Habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de razoamento matemático. Uso do método científico e a súa aplicación na tecnoloxía.



Competencia dixital. CD	Habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e a utilización das novas tecnoloxías para este labor.
Competencias sociais e cívicas. CSC	comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como participar na súa mellora.
Conciencia e expresións culturais. CCEC	comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas.
Competencia para aprender a aprender. CAA	habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CSIEE	capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

No proceso de acadamento dun grao axeitado das competencias por parte do alumnado, a materia de EPVA contribúe do seguinte xeito:

Conciencia e expresións culturais. CCEC	<p>Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios.</p> <p>O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas</p> <p>Contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e se é capaz de expresarse a través da imaxe iso implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento, así como as posibilidades de expresión e creación</p> <p>Desde as primeiras leccións aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, tanto as propias como as dos demais.</p>
---	---

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CSIEE	<p>Dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto e, por iso, en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados.</p> <p>En resumo, sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma todo este proceso, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomenta a iniciativa e autonomía persoal.</p>
---	--



<p>Competencias sociais e cívicas.</p> <p>CSC</p>	<p>A creación artística supón, en certo grao, un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade, e contribuírase á adquisición de habilidades sociais creando foros onde comentar os traballos propios e alleos sempre con fins colaborativos.</p> <p>Por outra banda, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas, proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.</p>
<p>Competencia para aprender a aprender.</p> <p>CAA</p>	<p>Contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos e experimentación creativa, xa que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos erros como instrumento de mellora.</p> <p>A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao medio audiovisual e multimedia expresa o papel que se outorga en esta materia o tratamento da información e en particular ao mundo da imaxe que esta información incorpora.</p>
<p>Competencia dixital.</p> <p>CD</p>	<p>O uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón unha ferramenta potente para a produción de creacións visuais, senón que á súa vez colabora na mellora da competencia dixital.</p>
<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia y tecnoloxía.</p> <p>CMCCT</p>	<p>Mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise posterior.</p> <p>Así mesmo introduce valores de sustentación e reciclaxe en canto á utilización de materiais para a creación de obras propias, a análise de obras alleas e a conservación do patrimonio cultural. Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica é obxectivo da materia, así como profundar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas.</p> <p>As capacidades descritas anteriormente contribúen a que o alumnado adquira competencia matemática.</p>



<p>Comunicación lingüística. CCL</p>	<p>Toda forma de comunicación posúe uns procedementos comúns, e, como tal, a EPVeA permite facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións, á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e, con isto, enriquecer a comunicación.</p> <p>Así mesmo fai posible a comunicación na aula á hora de transmitir mensaxes vinculadas a técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é tamén esencial; familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cine, televisión, pintura, escultura,...), axudará os alumno/as a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal.</p>
---	--

A relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis das materias que forman parte dos perfís competenciais se atopa no apartado correspondente as descrições das unidades de cada curso.

11. ESO. Plans de reforzo.

Inclúense no apartado adicado á concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis de cada curso: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

12. ESO. Criterios de promoción do alumnado.

Os criterios de promoción son os fixados polo *DECRETO 86/2015, de 25 de junio, por el que se establece el currículo de la educación secundaria obligatoria y del bachillerato en la Comunidad Autónoma de Galicia.*

13. ESO. Medidas de atención á diversidade.

11.1. Ensino presencial.

O obxectivo fundamental da ESO é atender ás necesidades educativas de todo o alumnado independentemente a súa formación, capacidades, intereses e necesidades. A atención á diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria

A atención á diversidade contéplase en tres planos:

1º Atención á diversidade na programación.



- A programación debe ter en conta aqueles contidos nos que o/as alumno/as conseguen rendementos moi diferentes.
- A programación terá en conta tamén que non todo o alumnado adquire ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados.
- Debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todo/as ao final da etapa, e que dea oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

2º Atención á diversidade na metodoloxía.

A AD debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe e levar o profesorado a:

- Detectar os coñecementos previos do alumnado ao empezar un tema. Aos alumnos nos que se detecte unha lagoa nos seus coñecementos débeseles propoñer unha ensinanza compensatoria, na que debe desempeñar un papel importante o traballo en situacións concretas.
- Procurar que os contidos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo
- Intentar que a comprensión do/a alumno/a de cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.

3º Atención á diversidade nos materiais utilizados.

O uso de materiais de reforzo ou ampliación, tales como os cadernos monográficos, permite atender á diversidade en función dos obxectivos que nos queiramos fixar de maneira máis concreta, especificanse a continuación os instrumentos para atender á diversidade de alumnos que se contemplaron: a variedade metodolóxica, a variedade de actividades de reforzo e afondamento, a multiplicidade de procedementos de avaliación da aprendizaxe, a diversidade de mecanismos de recuperación, o traballo en grupos pequenos (aínda que este curso isto non se poderá facer) e traballos voluntarios. Estes instrumentos



poden ser completados con algunhas outras medidas que permitan unha adecuada atención á diversidade, como poderían ser: facer unha detallada avaliación inicial, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula, insistir nos reforzos positivos para mellorar a estima propia, aproveitar as actividades fóra da aula para lograr unha boa cohesión e integración do grupo.

Se todas estas previsións non fosen suficientes para atender á diversidade, habería que recorrer aos procedementos institucionais de atención á diversidade cando esta é de carácter extraordinario

- enténdese por diversidade de carácter extraordinario tanto as deficiencias en capacidades de lectura, comprensión do que se le, utilización de técnicas de estudo adecuadas, expresión oral e escrita, como as dificultades que nacen de problemas de incapacidade física ou psíquica para seguir esta programación docente

- ao/as alumno/as con dificultades físicas ou psíquicas que lles impidan seguir o desenvolvemento normal da programación docente, previo informe psicopedagóxico do Departamento de Orientación, elaboraríaselles, coa súa necesaria asesoría, a adaptación curricular necesaria no referido a:

- Adaptación de obxectivos e contidos.
- Graduación de criterios e procedementos de avaliación.
- Metodoloxía.
- Eleccións de materiais didácticos.
- Agrupamentos.
- Organización espazo-temporal.
- Programas de desenvolvemento individual.
- Reforzos ou apoios.
- Adaptación ao ritmo de aprendizaxe.

11.2. Ensino non presencial.

No ensino non-presencial faise máis complexa a detección dos problemas na aprendizaxe e necesidades de atención á diversidade. Por iso tomaráanse as seguintes



medidas no caso de ter unha situación de excepcionalidade que impida o ensino presencial:

- Adicar unha das sesións para clase online e outra para titoría voluntaria de xeito que o alumnado poda ter apoio para elaborar as prácticas.
- Plantexar variedade de opcións para elaborar os traballos de xeito que o alumnado poda atopar actividades máis acordes ás súas capacidades.
- Modificación da rúbrica dos traballos no caso de detectar dificultades.

14. ESO. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes.

Táboa de aumnado con materias pendentes no presente curso:

Alumado de 2º ESO coa materia EPVA de 1º ESO pendente	7
Alumado de 3º ESO coa materia EPVA de 1º ESO pendente	0
Alumado de 4º ESO coa materia EPVA de 3º ESO pendente	2

O alumnado con materias pendentes deberá realizar un **grupo de prácticas** por trimestre deseñadas para superar a materia pendente. As prácticas acompañaranse de explicacións adicionais (vídeos, presentacións, textos, etc) para facilitar a súa realización. Todo este material estará dispoñible para o alumnado na **aula virtual**, plataforma que deberá empregar para entregar as prácticas resoltas antes da data sinalada como límite. O alumnado recibirá a **cualificación** dos traballos a través da plataforma Moodle atendendo a unha **rúbrica** que atopará nas instrucións de cada actividade a realizar. A **cualificación final** será a media dos traballos e se dará a conocer no mes de maio na avaliación de pendentes. O alumno levará unha cualificación por trimetre no boletín correspondente.

No caso de que @ alumn@ non supere a materia mediante os traballos, poderá facer unha proba escrita no mes de abril ou maio que abranguerá todo o curso.



15. ESO. Elementos transversais.

A presenza das ensinanzas transversais na materia exprésase por medio de diferentes momentos do proceso de aprendizaxe:

– *Educación moral e cívica: A*

Actuación en situacións cotiás de acordo con modos propios da actividade plástica, como a exploración sistemática de alternativas, a precisión na linguaxe, a flexibilidade para modificar o punto de vista ou a perseveranza na busca de solucións.

O respecto e a valoración dos traballos plásticos provenientes doutras épocas e culturas a gran variedade de opcións na representación das formas e os diferentes estilos implican a aceptación doutros puntos de vista desde o respecto.

– *Educación para a paz:*

Recoñecemento da realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde puntos de vista contrapostos e complementarios.

Flexibilidade para modificar o propio punto de vista na interpretación do traballo plástico.

Recoñecemento e valoración das propias habilidades plásticas para afrontar as situacións que requiran o seu emprego.

Valoración do traballo en equipo como a maneira máis eficaz para realizar determinadas actividades.

– *Educación do consumidor:*

Débese fomentar:

O coidado e mantemento do material de debuxo xeométrico, pois gran parte debería durar ao longo de todo o ensino secundario.

Os hábitos de conservación do material axudan a mellorar a educación do consumidor.

– *Educación para a igualdade entre sexos*



Recoñecemento da capacidade de cada un do/as compañeiro/as e compañeiras para desempeñar tarefas comúns.
Coidado no uso da linguaxe.

Predisposición ao traballo en grupo, facilitando agrupamentos heteroxéneos desde a perspectiva de xénero.

Estudo de artistas femininas coñecidas ao longo da historia
Fuxir, na presentación das actividades e situacións que analizar, dos tópicos tradicionalmente relacionados cos dous sexos.

Ter en conta as diversas motivacións dos alumnos e alumnas, así como o seu desenvolvemento intelectual, mesturando as situacións de investigación con outras máis creativas.

- *Educación viaria*

Uso das formas xeométricas planas é unha constante no deseño de sinais indicativos de todo tipo

Uso, coñecemento e respecto dos sinais contribúe ao desenvolvemento da educación viaria.

- Non todos os temas transversais se poden traballar coa mesma profundidade desde a materia, pero débese realizar un esforzo para conseguir que todos se traten o máis adecuadamente posible

- Os temas relacionados coa arte son bastante máis fáciles de traballar.
- Por outra banda, o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos outros, o gusto pola precisión e o rigor, o fomento da presentación e da orde na realización de tarefas, a puntualidade... axudan a conseguir os hábitos necesarios para vivir nunha sociedade pluralista e democrática.
- A súa práctica cotiá na aula contribúe a que o/as alumno/as adquiren e desenvolvan estes valores.

16. EPVA 1º ESO. Obxectivos da materia.

Detállanse os obxectivos específicos para o curso primeiro, relacionados cos obxectivos xerais:



1. Actuar de forma crítica ante as mensaxes visuais dos medios de comunicación de masas mostrando unha actitude crítica ante manifestacións consumistas, insolidarias, sexistas e discriminatorias. (obx. 1).
2. Explorar de forma crítica as imaxes do medio mostrando sensibilidade ante as distintas calidades das súas formas. (obx. 1, 2)
3. Valorar a diversidade cultural contribuindo á conservación do patrimonio cultural europeo, español e de Galicia, a través do respecto e divulgación das obras de arte. (obx. 2, 3).
4. Recoñecer a diversidade cultural como valor enriquecedor valorando os sinais de identidade e manifestacións da cultura galega.(obx.2, 3)
5. Utilizar ferramentas da linguaxe específica da área para expresarse con creatividade, establecer relacións entre disciplinas e gozar das representacións artísticas. (obx. 4, 5, 7)
6. Identificar e representar con creatividade formas do medio mediante o uso da perspectiva e das proporcións mostrando actitudes de respecto cara ás diferenzas persoais e cara ás obras do/as compañeiro/as, (obx. 6, 10)
7. Aplicar ás propias creacións diversas técnicas de expresión plástica utilizando distintos materiais, e valorar os avances no seu proceso creativo e as tecnoloxías da información e a comunicación.(obx.7, 10)
8. Identificar as relacións existentes entre os distintos tipos de linguaxes utilizando o tipo de linguaxe máis adecuada para a expresión e representación de emocións, vivencias e sentimentos. (obx. 8)
9. Elaborar composicións planificando os pasos que hai que seguir e avaliando, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento. (obx. 9)



10. Participar en actividades de grupo respectando os modos de expresión visual e plástica diferentes aos propios con actitudes de interese, flexibilidade e tolerancia. (obx. 10)
11. Desenvolver actitudes de cooperación, constancia no traballo, mantemento da orde e limpeza e conservación do material individual e colectivo e disposición construtiva ante os novos retos. (obx. 10, 11)
12. Respetar os valores e as normas nos procesos comunicativo e integralos na expresión de ideas a través de mensaxes visuais. (obx. 4, 7, 8)

17. EPVA 1º ESO. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

Instrumentos de avaliación e calificación dos estándares de aprendizaxe	
<p>A adquisición de todos os estándares de aprendizaxe se avaliará mediante as actividades definidas e descritas en cada unidade. Cada unha destas actividades terá unha rúbrica dispoñible para a súa consulta no curso da aula visual no que estará matriculado todo o alumnado.</p> <p>As actividades faranse na clase (ou na casa d@ alumn@ no caso de ensino non presencial) e se subirán dixitalizadas á aula virtual (tamén se entregará en papel no ensino presencial) dentro dos prazos establecidos.</p>	

Unidade 1 A LINGUAXE VISUAL				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a c d e f	B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	CCL
			EPVAB2.1.2 Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	CCL
			EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	CD
a c f l o	B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.	EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	CCL
			EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.	CD

**Actividades da unidade 1****A1** - Realizar unha composición temática con imaxes obtidas dunha busca en xornais e revistas con distintos graos de iconicidade.**A2** - Busca de símbolos e iconas en prensa ou internet razonando a súa pertenza as diferentes categorías.**A3** - Deseñar un Símbolo para un fin determinado.**A4** - Debuxar ata tres diferentes graos de iconicidade a partir dunha imaxe dada.**Temporalización:** 3 sesións**Unidade 2
COMUNICACIÓN VISUAL**

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a c e h ñ o	B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.	B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.	EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	CSC
a d e f h o	B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.	EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	CCL CD

Actividades da unidade 2**A5** - A partir dun exemplo de comunicación visual, determinar os elementos comunicativos e as funcións principal e secundarias (de habelas). Posta en común ante o grupo.**A6** - Deseñar un anuncio publicitario gráfico para un determinado produto ou servizo mediante colaxe.**Temporalización:** 2 sesións**Unidade 3
COMUNICACIÓN VISUAL: A LINGUAXE SECUENCIAL**

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
c f g i h o	B2.3.O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.	EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas.	CCL
	Introducción á linguaxe audiovisual.	Entender as bases da percepción da imaxe en movemento. Planificar a reprodución dunha acción sinxela: idea (guión), selección de fotogramas.	Realizar unha animación sinxela por medios manuais e/ou dixitais	CCL CAA CD

Actividades da unidade 3**A7** - Realización dunha tira curta de banda deseñada, dende o deseño do personaxe e a elaboración do guión e story-board ata a realización final.**A8** - Realización dun Flipbook de un mínimo de 30 fotogramas, empregando post-its.**Temporalización:** 6 sesións



Unidade 4 ELEMENTOS BÁSICOS DA EXPRESIÓN PLÁSTICA: PUNTO, LIÑA E PLANO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b f n	B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.	B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráficas plásticas propias e alleas.	CCEC
	B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade. B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.	B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.	PVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	CAA
			EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	CSIEE
			EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	CCEC
Actividades da unidade 4				
<p>A9 - Realizar unha serie de seis pequenas composicións con puntos empregando criterios de orde-desorde, concentración-dispersión, grande- pequeno, preto-lonxe, etc. usando a cor con fins expresivos e empregando as técnicas húmidas ou secas máis axeitadas (goteo, perforación, estampado, etc).</p> <p>A10 -Realizar unha serie de seis pequenas composicións con liñas empregando diferentes tipos: tipo (recta, ondulada, quebrada, etc), grosor, regularidade, cor, etc.</p> <p>A11 - A liña no debuxo: o encaixe. Reproducir imaxes fotográficas mediante o uso de liña, empregando o encaixe para simplificar a forma.</p> <p>A12 - Elaborar unha POP-UP a partir dunhas instrucións e na que o tratamento gráfico das caras sexan composicións con planos. Xogar con gamas de cores frías e quentes.</p>				
Temporalización: 5 sesións				

Unidade 5 ELEMENTOS BÁSICOS DA EXPRESIÓN PLÁSTICA:TEXTURA				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.



a c d n o	B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	CCL
a c f o	B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	CSIEE
Actividades da unidade 3				
<p>A13 - Crear un banco de texturas visuais a partir de imaxes obtidas de xornais e revistas, asignado a calidade táctil que se corresponda.</p> <p>A14 - A partir dunha reprodución a formato Din A4 dunha obra pictórica significativa da historia da arte, crear unha versión empregando texturas visuais obtidas mediante diferentes métodos (debuxo con liña, esgrafiado, frotado, colaxe, etc.).</p>				
Temporalización: 3 sesións				

Unidade 6 ELEMENTOS BÁSICOS DA EXPRESIÓN PLÁSTICA: A COR				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a c d n	B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva. B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.	B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.	EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.	CSC
Actividades da unidade 3				
<p>A15 - O tonno: Elaboración dun Círculo cromático con cores primarias, secundarias e terciarias empregando témpera.</p> <p>A16 - Luminosidade e saturación: Elaboración de dúas escalas de valor e unha de saturación Técnica húmida.</p>				
Temporalización: 4 sesións				

Unidade 7 TÉCNICAS GRAFO-PLÁSTICAS				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b c e f g n	B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CCL
			EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CSC
			EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CCEC



			EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CAA
			EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CSC
			EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	CSC
			EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC
Actividades da unidade 7				
<p>A17 - Obter fotografías dun volume ou conxunto de volumes sinxelos (xeométricos) con diferentes iluminacións (frontal, lateral e posterior). Facer un análise escrito dos resultados en termos de percepción do volume e da forma.</p> <p>A18 -A partires da fotografía do volume ou volumes iluminados lateralmente da actividade anterior, representar o conxunto mediante a técnica do claroscuro empregando lapis ou carbón.</p> <p>A19 -Crear un mostrario de técnicas de acuarela.</p> <p>A20- Representar unha froita iluminada lateralmente con técnica húmida.</p> <p>A21 - crear unha imaxe abstracta mediante colaxe de papel.</p>				
Temporalización: 7 sesións				

Unidade 8 A COMPOSICIÓN				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a f n	B1.7. Composición: elementos. B1.8. O ritmo na composición.	B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	CCL
			EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	CSIEE
			EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	CCEC CSIEE
			EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoo en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	CCEC
Actividades da unidade 8				
<p>A22 - A partires dun patrón, realizar a análise do esquema compositivo dunha obra de arte así como dos ritmos e proporcións. Exposición no grupo.</p> <p>A23 - realización dunha composición modular sinxelas empregando redes e módulos.</p> <p>A24 - Obter unha serie de imaxes fotográficas de grupos de obxectos ou persoas que reflectan esquemas compositivos estudados.</p>				
Temporalización: 3 sesións				



Unidade 9 TRAZADOS XEOMÉTRICOS BÁSICOS				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b n o	B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	CAA
b n f o	B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º.	B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	CMCCT
b n o	B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	CD
b f n o	B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	CMCCT
b o	3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.	CSIEE
b f	B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares-	B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.	EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	CMCCT
b o	B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	CCEC
b f g o	B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	CMCCT
b o	B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	
b f o	B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.	EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	CCEC CSIEE



b f o	B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.11. Coñecer lugares xeométricos e definilos.	EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CMCCT
Actividades da unidade 9				
<p>A25 - Crear un deseño baseado en unha rede composta de triángulos irregulares a partires de puntos situados aleatoriamente. Encher os triángulos don haces de rectas paralelas de cores.</p> <p>A26 - Crear un deseño modular regular baseado na circunferencia e a súa división en 6 partes iguais, enchendo todo o espazo compositivo.</p> <p>A27- Deseño a partir dunha estrutura base obtida a partires da realización de mediatrices de segmentos e bisectrices de ángulos, suma e resta de segmentos e ángulos e división de segmentos en partes iguais.</p>				
Temporalización: 5 sesións				

Unidade 10 FORMAS POLIGONAIS REGULARES E IRREGULARES.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b n o	B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.	EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	CCEC
b f n o	B3.14. Construción de triángulos.	B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	CAA
b f	B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.	EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	CSIE
b n	B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.	B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplícalas con propiedade á construción destes.	EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	CMCT
b f	B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.	EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	CCEC
n	B3.18. Construción de cuadriláteros.	B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.	EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	CAA
b f n	B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CCEC
b f n o	B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	CMCC T
Actividades da unidade 8				



A28 - Deseño baseado na construción de triángulos dados a partires de datos (lados e ángulos).
A29 - construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.
A30 - Inspirándose na arte cinética de A. Calder, elaborar unha exemplo con formas xeométricas.

Temporalización: 4 sesións

18. EPVA 1º ESO. Metodoloxía.

Este curso vaise traballar presencialmente pero empregando un sistema que, no caso de ser necesario, permita ao alumno seguir a materia non presencialmente sen case variacións.

Temporalización.

Adícanse só **dúas sesións semanais** á materia de EPVA en cada un dos cinco grupos de 1º de ESO. Isto, unido ao feito de que as sesións son só de 50 minutos, dos cales entre 5 e 10 deben adicarse á preparación e á recollida e limpeza de materiais empregados, fai que o tempo adicado a esta materia para desenvolver o currículo poda calificarse de ridículo.

Estrutura.

A materia estruturase en **10 unidades didácticas** en cada unha das cales se realizarán unhas actividades que serán o elemento onde se medirá o rendemento do alumno. As **actividades** plantéxanse como **pequenos proxectos**, case sempre independentes entre sí, nos que o alumnado vai poñer en práctica o aprendido nas explicacións previas.

Non se emprega libro de texto, pero se vai facilitar o material das explicacións **de xeito dixital para que o alumnado poda consultalo na aula virtual**.

Os traballos, unha vez valorados e corrixidos, vanse escanear e devolver a o alumnado. Así mesmo se lle facilitará a copia escaneada co fin de que @ propi@ alumn@ vaia construindo o seu **propio libro do curso** que estará composto polas follas de teoría e os traballos propios.

Ao final de curso cada alumn@ terá o seu libro dixital da materia.

Entrega dos traballos.

O alumnado empregará un selo persoal para firmar os traballos.

As actividades deberán ser entregadas dentro do prazo fixado aínda que se deixará un segundo prazo de dous días lectivos máis para facer a entrega pero cunha



penalización de 1 punto na calificación. Fóra desa data límite non se recollerá o traballo.

Agrupamentos.

Este curso, debido á situación de emerxencia sanitaria, só se realizarán traballos individuais.

Medios dixitais.

O emprego de ordenadores para traballos de tratamento dixital da imaxe, confección de textos, realización de presentacións, etc. estará supeditado á disponibilidad dalgunha das dúas aulas de informática. de todos os xeitos é posible que, de darse as circunstancias, se lle pida ao alumnado que traian un móbil para poder facer algunha das actividades propostas (fotografía e animación).

19. EPVA 1º ESO. Materiais e recursos didácticos.

	Materiais	Recursos
Ensino presencial	<ul style="list-style-type: none">- Materiais de artes plásticas e instrumentos básicos de debuxo técnico que deberá aportar @alumn@ xa que este curso non se poden compartir os materiais.- Papeis de debuxo e técnicas húmidas aportado polo propio alumnado.	<ul style="list-style-type: none">- Aula virtual: Aquí o alumnado terá acceso a todos os contidos, rúbricas e instrucións. asemade, poderá subir os traballos dixitalizados.- ordenadores da Aula de informática (dependendo do nivel de ocupación)
Ensino non presencial	<ul style="list-style-type: none">- Os mesmos materiais do ensino presencial.	<ul style="list-style-type: none">- Aula virtual.- ordenador persoal, tablet ou smartphone d@ propi@ alumn@.- Acceso á plataforma Webex.

20. EPVA 1º ESO. Criterios de avaliación e cualificación.

Segundo o explicado no apartado anterior, o alumnado vai traballar presencialmente cun sistema que se manterá no caso de aprendizaxe non presencial polo que non é necesario facer distinción entre procedementos e instrumentos de avaliación en ambos casos.



Os criterios de avaliación para os estándares se establecen no apartado anterior adicado a este punto. Cada traballo a realizar terá unha rúbrica onde se definirán os criterios de avaliación concretos para esa actividade.

O alumnado deberá desenvolver un total de **30 traballos** previstos.

A media dos traballos, comentados no apartado anterior, conformará a nota da materia.

Os traballos valoraranse conforme a unha **rúbrica** que se aportará co enunciado do traballo e estará dispoñible na aula virtual ao igual que o resto dos materiais.

Trátase de **avaliación continua** pero no caso de non superar un trimestre, o alumnado que estea nesa situación terá un prazo aberto para reentregar traballos do/s trimestre/s anteriores para alcanzar o nivel de aprobado.

En caso de non superar a convocatoria ordinaria (xuño) @ alumn@ afectado terá dereito a un examen de todo o curso, que se repetirá na convocatoria extraordinaria de setembro, en caso de non superar o de xuño.

A nota de cada trimestre pode ser afectada de xeito negativo en ata 2,5 puntos por unha **atitude** deficiente. As faltas de actitude se penalizarán con negativos que restarán 0,2 puntos pero estes puntos negativos poden ser compensados por positivos.

Causas de puntos negativos: molestar reiteradamente na clase molestando a compañeiros e/ou profesor; condutas contrarias á convivencia; maltratar ou estragar materiais de xeito voluntario; Non recoller ou limpar despois de ensuciar o posto de traballo; etc. No caso do ensino non-presencial só se porán negativos por non ter un comportamento correcto nas sesións online.

Período de valoración	Obxecto de valoración	Porcentaxe/ Cantidade
Trimestres ordinarios. <u>Non hai diferenza entre o ensino presencial e non presencial.</u>	Media dos traballos realizados desde o principio de curso.	100%
	Atitude Penalizacións á calificación. (se aplica só no trimestre en curso, non é acumulativo entre trimestres).	Disminución da nota (se é o caso) de ata 2,5 puntos (25%)
Xuño Se non se supera a materia ao rematar o terceiro	Examen	100%



trimestre.		
Setembro Se non se supera a materia na convocatoria ordinaria (xuño).	Examen	100%

21. EPVA 1º ESO. **Contidos mínimos** nas probas das convocatorias **ordinaria e extraordinaria**.

Fíxanse os contidos mínimos das probas de xuño e setembro que o alumnado, que non ten superado o curso, deberá demostrar para chegar á nota de 5. O resto de preguntas do examen se fará con outros contidos do resto do programa.

- Diferenciar iconas e símbolos.
- Distinguir imaxen abstracta e figurativa.
- A comunicación visual. Elementos básicos da comunicación.
- Elementos básicos da linguaxe visual: Punto, liña e plano. Características e tipos.
- Elementos básicos da linguaxe do cómic. Fases de realización.
- Tipos de iluminación según a posición do foco de luz e o observador.
- Distribución de partes iluminadas e sombreadas no claroscuro.
- Recoñecer esquemas compositivos básicos.
- Cores primarias e secundarias. As cualidades da cor. Cores-pigmento primarias e secundarias. Gamas de cores (temperatura). Cores complementarias.
- Diferenciación entre texturas visuais e táctiles.
- Construcións xeométricas elementais con regra e compás: mediatriz dun segmento, bisectriz dun ángulo, suma e resta de ángulos e de segmentos.
- División dun segmento nun número de partes iguais (teorema de Tales)
- Triángulos: clasificación. Construción de triángulos: equilátero dado o lado, isósceles dados o lado igual e o distinto, Isósceles dado o lado diferente e a altura, escaleno dados os 3 lados, triángulo rectángulo dados os dous catetos, triángulo rectángulo dados un cateto e a hipotenusa.



- Cuadriláteros. Clasificación e construción de: cadrado dado o lado, cadrado dada a diagonal, rectángulo dados os lados, rectángulo dado un lado e a diagonal, rombo dadas as diagonais.
- Construción de polígonos inscritos en circunferencias: tres, catro, e seis lados.

22. EPVA 3º ESO. Obxectivos da materia.

- a) Interpretar as calidades estéticas, plásticas e funcionais das imaxes e as formas presentes nos medios de comunicación de forma crítica. (Obx. 1)
- b) Profundar gradualmente no coñecemento da sintaxe das linguaxes visuais específicas, como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. (Obx. 2, 4, 5)
- c) Valorar o patrimonio artístico e cultural europeo, español e galego como un medio de comunicación e gozo individual e colectivo contribuíndo á súa conservación, a través do respecto e divulgación das obras de arte. (Obx. 2, 3)
- d) Expresar de forma creativa ideas e experiencias utilizando ferramentas plásticas e visuais, establecendo relacións entre disciplinas con outras materias e gozando destas representacións. (Obx. 4, 5, 7)
- e) Utilizar elementos da linguaxe plástica: formas, elementos de expresión, cor, luz, volume, sistemas de representación e perspectiva como medio de expresión e comunicación, elixindo a combinación máis adecuada en función da mensaxe que se queira transmitir. (Obx. 6, 7, 8)
- f) Enriquecer o coñecemento e dominio de materiais e técnicas de expresión plástica aplicándoas ás propias creacións e valorando os avances no seu proceso creativo e no uso das tecnoloxías da información e da



comunicación. (Obx. 6, 7, 8)

- g) Identificar e representar con creatividade corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das calidades das superficies e o detalle de maneira que sexan eficaces para a comunicación. (Obx. 6, 7, 8)
- h) Seleccionar a fórmula máis adecuada das linguaxes visuais para a expresión de emocións, vivencias e sentimentos. (Obx. 8)
- i) Planificar os pasos que hai que seguir na realización de composicións respectando as realizadas polo/as compañeiro/as. (Obx. 9)
- j) Participar en actividades de grupo respectando os modos de expresión visual e plástica diferentes aos propios con actitudes de interese, flexibilidade e tolerancia. (Obx. 10)
- k) Desenvolver actitudes de cooperación, constancia no traballo, mantemento da orde e limpeza e conservación do material individual e colectivo (Obx. 10).
- l) Respetar os valores e as normas nos procesos comunicativo e integrais na expresión de ideas a través de mensaxes visuais con disposición construtiva ante novos retos. (Obx. 10, 11)

23. EPVA 3º ESO. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.



Unidade 1 A Percepción Visual				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a d f	B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo. B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.	B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.	EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	CAA
a n	B2.3. Ilusións ópticas. B2.4. Leis ou principios da Gestalt.	B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	CSC
			EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	CCEC
a c d e h	B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	CCL
a c d e o	B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	CSC
	B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.	B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	CCL
e g o	B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.	B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	CD
Temporalización: Segunda quincena de setembro e primeira quincena de outubro				

Unidade 2 Significado e finalidade das imaxes.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
a c d f h	B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	B2.4. Identificar significante e significado nun signo visual.	EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.	CCL
a	B2.7. Linguaxe da imaxe.	B2.5. Describir, analizar e	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva	CCL



c f h ñ	Aprender a ler a imaxe. B2.8. Denotación e connotación.	interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	CCEC
			EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	
e l n ñ o	B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	CCL
			EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	CD
Temporalización: Segunda quincena de outubro e primeira quincena de novembro.				

Unidade 3 A linguaxe audiovisual: Cine e multimedia.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
a c d f h i	B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación.	B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.	EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	CCEC
e g i	B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.	B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	
Temporalización: Segunda quincena de novembro e decembro				

Unidade 4 O proceso creativo.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
b c d f g n	B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	CAA
			EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño	CSIEE



			gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	
b d f g n	B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	CSIEE
a c d f n	B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. B1.4. O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.	B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	CCEC
Temporalización: Xaneiro e primeira quincena de febreiro.				

Unidade 5 Técnicas grafo-plásticas				
Obx.	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
b c f g n	B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CCL
			EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CCEC
			EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CCEC
			EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CAA
			EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CSIEE
			EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	CSC



			EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC
Temporalización: Traballaránse ao longo do curso.				

Unidade 6 Cor e harmonías.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
a c d f n	B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. B1.6. Temperatura da cor. B1.7. Simbolismo da cor.	B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	CSIEE
			EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	CSC
			EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	CSIEE
Temporalización: Segunda quincena de febreiro e primeira de marzo.				

Unidade 7 Debuxo xeométrico.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
b f g	B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.1. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CCL
b f n	B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CAA
b f n	B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.	B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	CMCCT
b e f g	B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.	B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	CMCCT
			EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e	CA



			rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	
b e f g	B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.	B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	CMCCT
b f o	B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.	B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.	EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	CSIEE
b f g n	B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.	B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	CMCCT
b f g n	B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular. B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.	B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	CD
Temporalización: Segunda quincena de marzo e abril.				

Unidade 8 Sistemas de representación.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
	B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivos. Vistas diédricas dun sólido.	B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.	EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	CMCCT
b f n o	B3.11. Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.	B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.	EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	CMCCT
	B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.	B3.11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.	EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	CCEC
Temporalización: Maio e segunda quincena de xuño.				



24. EPVA 3º ESO. Metodoloxía.

Temporalización.

Adícanse solo **dúas sesións semanais** á materia de EPVA en cada un dos cinco grupos de 3º de ESO. Isto, unido ao feito de que as sesións son só de 50 minutos, dos cales entre 5 e 10 deben adicarse á preparación e á recollida e limpeza de materiais empregados, fai que o tempo adicado a esta materia poda calificarse de ridículo.

Estrutura.

A materia estruturase en **8 unidades didácticas** en cada unha das cales se realizarán unhas actividades que serán o elemento onde se medirá o rendemento do alumno. As **actividades** plantéxanse como **pequenos proxectos**, case sempre independentes entre sí, nos que o alumnado vai poñer en práctica o aprendido nas explicacións previas.

Emprégase un caderno de prácticas para facilitar ao alumnado o seguemento da materia e o arquivado do traballo persoal.

Entrega dos traballos.

As actividades deberán ser entregadas dentro do prazo fixado.

Agrupamentos.

Este curso, debido á situación de emerxencia sanitaria, só se realizarán traballos individuais.

Medios dixitais.

O emprego de ordenadores para traballos de tratamento dixital da imaxe, confección de textos, realización de presentacións, etc. estará supeditado á dispoñibilidade dalgunha das dúas aulas de informática. de todos os xeitos é posible que, de darse as circunstancias, se lle pida ao alumnado que traian un móbil para poder facer algunha das actividades propostas (fotografía e animación).

25. EPVA 3º ESO. Criterios de avaliación e cualificación.

11.1. Criterios de avaliación.

Para avaliar ao alumnado recolleremos información a través dos seguintes instrumentos:



1- Observación directa na aula do alumno ou alumna, avaliando os seguintes aspectos:

- Amona interese polo traballo, cunha actitude positiva.
- Intervén con frecuencia, formula cuestións pertinentes e interesantes.
- Axuda aos compañeiros e compañeiras cando o precisan, e colabora co profesorado.
- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado.
Achega sempre á aula o material necesario para a elaboración das actividades.
- Chega á aula con puntualidade, non se demora en preparar o material necesario e, ao rematar a clase, non recolle ata que llo autoriza o profesorado.

2- Traballos individuais realizados en papel (láminas).

3- Traballos grupais realizados en papel.

4- Traballos individuais realizados con dispositivos móbiles e ordenador.

5- Traballos grupais realizados con dispositivos móbiles e ordenador.

6- Proba-exame.

11.2. Criterios de cualificación nas avaliacións ordinarias.

En cada unha das avaliacións trimestrais, a cualificación do alumnado obterase a partir dos instrumentos de avaliación e respectivas ponderacións que se indican a continuación:

Instrumento de avaliación	Ponderación	(1)
Traballos individuais resoltos en papel (láminas)	65%	35%
Proba-exame	-	30%
Traballos grupais resoltos en papel	10%	10%
Traballos individuais resoltos en ordenador	10%	10%
Traballos en grupo resoltos en ordenador	5%	5%
Observación directa na aula	10%	10%

(1) Ponderación dos instrumentos nas avaliacións nas que se realice proba-exame.



No caso de non avaliarse traballos en formato dixital, a cualificación da avaliación seguerá o seguinte criterio:

Instrumento de avaliación	Ponderación	(1)
Traballos individuais resoltos en papel (láminas)	70%	40%
Traballos grupais resoltos en papel	20%	20%
Proba-exame	-	30%
Observación directa na aula	10%	10%

Os traballos cualificaranse sobre 10 puntos, sendo o 3 a nota mínima esixida neles para poder consideralos na avaliación. Os traballos cunha cualificación inferior a 3 deberán realizarse de novo.

É obrigatoria a entrega do 90% das láminas e dos traballos individuais, e do 60% dos traballos en grupo, para optar ao aprobado.

As avaliacións suspensas serán obxecto de recuperación, consistente na realización e nova entrega dos traballos suspensos ou non entregados, nas datas que fixará o profesorado. A cualificación na avaliación final ordinaria obterase como media aritmética das tres avaliacións trimestrais. O alumnado que teña unha media igual o superior ao 5 entre as tres avaliacións, terá a materia aprobada. O alumnado suspenso fará unha proba de recuperación final global, sobre os contidos mínimos previstos nesta programación.

11.3. Criterios de avaliación na convocatoria extraordinaria.

Na avaliación extraordinaria, a cualificación obterase mediante dous instrumentos:

- Unha serie de traballos a realizar polo alumnado durante os meses de verán, que se entregarán resoltos o día da proba extraordinaria, e que proporcionarán o 50% da nota.
- Unha proba-exame a realizar na aula, sobre os contidos mínimos previstos nesta programación, que proporcionará o 50% restante da nota.



26. EPVA 3º ESO. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.

Fíxanse os contidos mínimos das probas de xuño e setembro que o alumnado, que non ten superado o curso, deberá demostrar para chegar á nota de 5. O resto de preguntas do examen se fará con outros contidos do resto do programa.

- Diferenciar iconas e símbolos.
- Distinguir imaxen abstracta e figurativa.
- A comunicación visual. Elementos básicos da comunicación.
- Elementos básicos da linguaxe visual: Punto, liña e plano. Características e tipos.
- Elementos básicos da linguaxe do cómic. Fases de realización.
- Tipos de iluminación según a posición do foco de luz e o observador.
- Distribución de partes iluminadas e sombreadas no claroscuro.
- Recoñecer esquemas compositivos básicos.
- Cores primarias e secundarias. As cualidades da cor. Cores-pigmento primarias e secundarias. Gammas de cores (temperatura). Cores complementarias.
- Diferenciación entre texturas visuais e táctiles.
- Construcións xeométricas elementais con regra e compás: mediatriz dun segmento, bisectriz dun ángulo, suma e resta de ángulos e de segmentos.
- División dun segmento nun número de partes iguais (teorema de Tales)
- Triángulos: clasificación. Construción de triángulos: equilátero dado o lado, isósceles dados o lado igual e o distinto, Isósceles dado o lado diferente e a altura, escaleno dados os 3 lados, triángulo rectángulo dados os dous catetos, triángulo rectángulo dados un cateto e a hipotenusa.
- Cuadriláteros. Clasificación e construción de: cadrado dado o lado, cadrado dada a diagonal, rectángulo dados os lados, rectángulo dado un lado e a diagonal, rombo dadas as diagonais.
- Construción de polígonos inscritos en circunferencias: tres, catro, e seis lados.



27. EPVA 4º ESO. Obxectivos da materia.

Obxectivos específicos para o cuarto curso, relacionados cos obxectivos xerais:

- 1) Analizar de forma crítica as calidades estéticas, plásticas e funcionais das imaxes e as formas do medio. (Obx. 1).
- 2) Utilizar técnicas e procedementos propios das linguaxes visuais para a expresión creativa de ideas e experiencias e o establecemento de relacións entre disciplinas con outras materias. (Obx. 5 e 7).
- 3) Identificar os valores expresivos das linguaxes e soportes en fotografía, vídeo, cine, televisión, cómic e fotonovela elixindo a fórmula máis adecuada para a expresión de emocións, vivencias e sentimentos. (Obx. 7 e 8).
- 4) Valorar o patrimonio artístico e cultural mundial, europeo, español e galego como un medio de comunicación e gozo individual e colectivo contribuíndo á súa conservación, a través do respecto e divulgación das obras de arte. (Obx. 2, 3 e 4).
- 5) Seleccionar os elementos configuradores das linguaxes visuais e os gráfico-plásticos: formas, elementos de expresión, cor, luz, volume, sistemas de representación e perspectiva en función da mensaxe que se queira transmitir. (Obx. 5 e 8).
- 6) Aplicar ás propias creacións materiais e técnicas de expresión plástica valorando os avances no seu proceso creativo e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación. (Obx. 5 e 7).
- 7) Pasar figuras representadas en sistema diédrico sistemas de perspectivas de maneira que sexan eficaces para a comunicación. (Obx. 6).
- 8) Expresar, por medio da linguaxe plástica, emocións e sentimentos, vivencias e ideas, entendéndoo como un medio de enriquecemento da comunicación, da reflexión crítica e do respecto entre as persoas. (Obx. 8).
- 9) Realizar composicións que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo que supón o proceso creativo. (Obx. 7 e 8).
- 10) Respetar os sinais de identidade do patrimonio cultural e artístico mundial, europeo, español e de Galicia. (Obx. 3).
- 11) Interpretar, con respecto, outras maneiras de expresión visual e plástica diferentes ás propias, recoñecendo a diversidade cultural como valor enriquecedor. (Obx. 4).



12) Analizar os elementos que integran as distintas linguaxes audiovisuais, as súas finalidades e utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de consulta de forma autónoma e crítica e no propio proceso creativo. (Obx. 7).

13) Participar en actividades de grupo respectando os modos de expresión visual e plástica diferentes aos propios con actitudes de interese, flexibilidade e tolerancia. (Obx. 9 e 11).

14) Desenvolver actitudes de cooperación, constancia no traballo, mantemento da orde e limpeza e conservación do material individual e colectivo. (Obx. 10).

28. EPVA 4º ESO. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

Unidade 1 A composición artística.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a c d e h	B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subjectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	CCEC
a d g n	B1.2. Leis da composición. B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. B1.4. Cor como ferramenta simbólica.	B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	
Instrumentos de avaliación: Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos grupais resoltos en papel. Traballos individuais resoltos en ordenador. Traballos grupais resoltos en ordenador. Observación directa			Temporalización: Segunda quincena de setembro e primeira de outubro	



Unidade 2 Técnicas de expresión gráfica.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b c e g n	B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.	B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitad proxectos artísticos.	CCEC CSIEE
			EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CECC CSIEE CAA CD
Instrumentos de avaliación: Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos grupais resoltos en papel. Traballos individuais resoltos en ordenador. Traballos grupais resoltos en ordenador. Observación directa.			Temporalización: As técnicas gráfico-plásticas traballaranse durante todo o curso.	

Unidade 3 O proceso de creación artística.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b c e g n	B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	CSIEE CCEC
d f l n	B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.	B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	
Instrumentos de avaliación: Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos grupais resoltos en papel. Traballos individuais resoltos en ordenador. Traballos grupais resoltos en ordenador. Observación directa.			Temporalización: Segunda quincena de Outubro.	



Unidade 4 Debuxo técnico: xeometría plana.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b f g n o	B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. B2.3. Tanxencias e enlaces. B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	CAA CMAAT
			EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	
			EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	
			EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica á creación de deseños persoais.	
Instrumentos de avaliación: Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos individuais resoltos en ordenador. Proba-exame. Observación directa.			Temporalización:	
			EPVAB2.1.1. Novembro EPVAB2.1.2.	
			EPVAB2.1.3. Decembro EPVAB2.1.4.	

Unidade 5 Debuxo técnico: sistemas de representación.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b f g o	B2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. B2.9. Perspectiva cónica central. B2.10. Perspectiva cónica oblicua. B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.	B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	CAA CMAAT
			EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	
			EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	
			EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	



b e i o	B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	
Instrumentos de avaliación: EPVAB2.2.1. EPVAB2.2.2. EPVAB2.2.3. Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos individuais resoltos en ordenador. Proba-exame Observación directa EPVAB2.2.4. EPVAB2.3.1 Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos grupais resoltos en papel. Traballos individuais resoltos en ordenador. Traballos grupais resoltos en ordenador. Proba-exame Observación directa.			Temporalización: EPVAB2.2.1. EPVAB2.2.2. Xaneiro e 1ª quincena de febreiro. EPVAB2.2.3. 2ª quincena de febreiro. EPVAB2.2.3. Marzo	

Unidade 6 Fundamentos do deseño.				
Obx.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a c d f h l	B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). B3.2. Fases do proceso de deseño. B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.	B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	CSIEE CCEC
			EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	CCEC
c e g i	B3.5. Campos de aplicación do deseño.	B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	CSIEE CCEC
b e f i	B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico.	B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	
			EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	
			EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	



			EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	CSIEE CCEC
Instrumentos de avaliación: Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos grupais resoltos en papel. Traballos individuais realizados con dispositivos móbiles e ordenador. Traballos grupais realizados con dispositivos móbiles e ordenador. Observación directa			Temporalización: EPVAB3.1.1. EPVAB3.1.2 EPVAB3.2.1. EPVAB3.3.1. 1ª Quincena de abril. EPVAB3.3.2. EPVAB3.3.3. EPVAB3.3.4. EPVAB3.3.5. 2ª Quincena de abril.	

Unidade 7 Linguaxes audiovisuais.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
a h n ñ	B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. B4.2. Realización dun storyboard.	B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	CSIEE
e l n o	B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	CD CSIEE CCE
			EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	
			EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	
q e f g	B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	CD CSIEE CCE
			EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	



			EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	CAA CD CSIEE CCEC
a c d f h n o	B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	CD CSIEE CCEC
Instrumentos de avaliación: Traballos individuais resoltos en papel (láminas). Traballos grupais resoltos en papel. Traballos individuais realizados con dispositivos móbiles e ordenador. Traballos grupais realizados con dispositivos móbiles e ordenador. Observación directa			Temporalización: EPVAB4.1.1. EPVAB4.1.2. EPVAB4.2.1. EPVAB4.2.3. EPVAB4.3.1. Maio 2021 EPVAB4.3.2. EPVAB4.3.3. EPVAB4.4.1. Xuño 2021	

29. EPVA 4º ESO. Metodoloxía.

Temporalización.

Adícanse **tres sesións semanais** á materia de EPVA no grupo de 4.º de ESO. As sesións son de 50 minutos, dos cales entre 5 e 10 deben adicarse á preparación e á recollida e limpeza de materiais empregados.

Estrutura.

Séguese os mesmos principios metodolóxicos aplicados para a materia de 3º ESO. (ver apartado).

30. EPVA 4º ESO. Criterios de avaliación e de cualificación.

Rexen os mesmos criterios aplicados na materia de 3º ESO. (ver apartado).

31. EPVA 4º ESO. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.

Fíxanse os contidos mínimos das probas de xuño e setembro que o alumnado, que non ten superado o curso, deberá demostrar para chegar á nota de 5. O resto de preguntas do examen se fará con outros contidos do resto do programa.



EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.

EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.

EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.

EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.

EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.

EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.

EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.

EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.

EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.

EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.

EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.

EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.

32. Bacharelato. obxectivos da etapa.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:



1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a correspondencia na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza o sostemento.
2. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do



territorio, con especial referencia ao territorio galego.

11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
14. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

33. Bacharelato. obxectivos da materia de Debuxo técnico 1.

1. Empregar axeitadamente e con destreza tanto os instrumentos coma a terminoloxía específica do debuxo técnico.
2. Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.
3. Considerar o debuxo técnico coma unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
4. Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.
5. Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
6. Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
7. Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o bosquejo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.
8. Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual coma colectiva, sendo capaces de establecer



con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.

9. Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
10. Amosar interese polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

34. Bacharelato. Procedemento para acreditar coñecementos previos no bacharelato.

Establécese unha proba sobre os contidos mínimos establecidos nesta programación no apartado correspondente para a materia de Debuxo Técnico 1, que o alumnado deberá superar para acceder á materia de continuidade en 2º curso de bacharelato no caso de non ter cursado a mesma con anterioridade.

35. Bacharelato. Elementos transversais.

A presenza das ensinanzas transversais na materia exprésase por medio de diferentes momentos do proceso de aprendizaxe:

– *Educación moral e cívica:* A

Actuación en situacións cotiás de acordo con modos propios da actividade do debuxo técnico, como a exploración de alternativas, a precisión na linguaxe, e a perseveranza na busca de solucións.

O respecto e a valoración do traballo feito por outros e a posta en valor das experiencias doutras épocas anteriores que fixeron avanzar a expresión técnica.

– *Educación para a paz:*

Recoñecemento da realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde puntos de vista contrapostos e complementarios.

Flexibilidade para modificar o propio punto de vista na interpretación do traballo técnico.

Recoñecemento e valoración das propias habilidades expresivas para afrontar as situacións que requiran o seu emprego.

Valoración do traballo en equipo como a maneira máis eficaz para realizar determinadas actividades.

– *Educación do consumidor:*

Débase fomentar:

O coidado e mantemento do material de debuxo técnico. Os hábitos de conservación do material axudan a mellorar a educación do consumidor e supón un aforro enerxético e medioambiental.



- *Educación para a igualdade entre sexos*

Recoñecemento da capacidade de cada un do/as compañeiro/as e compañeiras para desempeñar tarefas comúns.

Coidado no uso da linguaxe .

Predisposición ao traballo en grupo, facilitando agrupamentos heteroxéneos desde a perspectiva de xénero.

Fuxir, na presentación das actividades e situacións que analizar, dos tópicos tradicionalmente relacionados cos dous sexos

Ter en conta as diversas motivacións dos alumnos e alumnas, así como o seu desenvolvemento intelectual, mesturando as situacións de investigación con outras máis creativas.

- *Educación Medioambiental.*

Fomentar a reciclaxe a reutilización dos materiais e o aforro enerxético.



36. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Unidades didácticas. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico.		Unidade 1: Trazados xeométricos.		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp
b d e g i l m	B1.1. Trazados xeométricos. B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico. B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza. B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte. B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico. B1.6. Trazados fundamentais no plano. B1.7. Operacións con segmentos. B1.8. Mediatriz. B1.9. Paralelismo e perpendicularidade. B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións. B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares. B1.12. Circunferencia e círculo. B1.13. Ángulos. B1.18. Resolución gráfica de triángulos. B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables. B1.14. Trazado de polígonos regulares. B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos. B1.16. Representación de formas planas. B1.17. Trazado de formas proporcionais. B1.20. Proporcionalidade e semellanza. B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario. B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas. B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións.	B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.	DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	CSIEE
			DT1.B1.1.2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.	CMCCT
			DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.	CAA
			DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.	
			DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.	CMCT
			DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.	CSIEE
			DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.	
			DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplicaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.	CAA



Instrumentos de avaliación	Temporalización	
Exercicios resoltos en papel. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Proba escrita. Observación directa	DT1.B1.1.1. DT1.B1.1.2. DT1.B1.1.3. DT1.B1.1.4.	2ª Quincena de setembro
	DT1.B1.1.5. DT1.B1.1.6.	1ª Quincena de outubro
	DT1.B1.1.7. DT1.B1.1.8.	2ª Quincena de outubro

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico.		Unidade 2: Tanxencias e enlaces.		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	B1.24. Tanxencias e enlaces. B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións. B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais. B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial. B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías. B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D. B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces.	B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.	CMCCT
			DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	CAA
			DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.	CSIEE
			DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	
Instrumentos de avaliación Exercicios resoltos en papel. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Proba escrita. Observación directa		Temporalización DT1.B1.2.1. DT1.B1.2.2. <p style="text-align: right;">1ª Quincena de novembro</p> DT1.B1.2.3. DT1.B1.2.4. <p style="text-align: right;">2ª Quincena de novembro</p>		



Bloque2. Sistemas de representación.		Unidade 3: Fundamentos dos sistemas de representación.		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación. B2.2. Sistemas de representación na arte. B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación. B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación. B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección. B2.6. Clases de proxección. B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías. B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.	B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles.	DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.	CCL
			DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.	
			DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.	CD
Instrumentos de avaliación Exercicios resoltos en papel. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Proba escrita. Observación directa.			Temporalización. 1ªSemana de decembro.	



Bloque2. Sistemas de representación.		Unidade 4: Sistema diédrico.		
Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	<p>B2.9. Sistema diédrico.</p> <p>B2. 10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas.</p> <p>B2.11. Disposición normalizada.</p> <p>B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes.</p> <p>B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección.</p> <p>B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos.</p> <p>B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.</p> <p>B2.16. Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas.</p> <p>B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas.</p> <p>B2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.</p>	<p>B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles.</p>	<p>DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.</p>	CMCCT
			<p>DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.</p>	CAA
			<p>DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoño as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.</p>	CSIEE
			<p>DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).</p>	CMCCT
			<p>DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p>	CCEC
<p>Instrumentos de avaliación.</p> <p>Exercicios resoltos en papel. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Proba escrita. Observación directa.</p>			<p>Temporalización.</p> <p>Segunda e terceira semana de Decembro, Xaneiro e Febreiro</p>	



Bloque2. Sistemas de representación.		Unidade 5: Sistema de planos acotados.		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións.	B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoño de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.	DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.	CAA
Instrumentos de avaliación. Exercicios resoltos en papel. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Proba escrita. Observación directa.			Temporalización. Marzo	

Bloque2. Sistemas de representación.		Unidade 6: Sistema axonométrico.		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	B2.20. Sistema axonométrico. B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución. B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas. B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares. B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares.	B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoño a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados.	DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado. DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.	CCEC
Instrumentos de avaliación. Exercicios de Representación de corpos xeométricos en axonométrico ortogonal, a partir das súas proxeccións diédricas. Exercicios resoltos en papel. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Proba escrita. Observación directa.			Temporalización. Abril.	



Bloque2. Sistemas de representación.		Unidade 7: Sistema cónico.		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	B2.25. Sistema cónico central. B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual. B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais. B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos. B2.29. Representación simplificada da circunferencia. B2.30. Sistema cónico oblicuo. B2.31. Representación simplificada da circunferencia. B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas.	B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.	DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.	CCL
			DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.	CSIEE
			DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.	CMCCT
Instrumentos de avaliación. Exercicios resoltos en papel: A partir de pezas dadas en axonometría a escala, elaborar, a man alzada, as vistas, cortes e/ou seccións. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Observación directa.			Temporalización. Maio.	

Bloque 3. Normalización.		Unidade 8: Normalización.		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa. B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas. B3.3. Formatos. Dobra de planos. B3.4. Vistas. Liñas normalizadas. B3.5. Aplicacións da normalización. B3.6. Escalas. Cotación. B3.7. Debuxo industrial. B3.8. Debuxo arquitectónico. B3.9. Cortes e seccións.	B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.	DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación	CCL



<p>B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas. B3.3. Formatos. Dobra de planos. B3.4. Vistas. Liñas normalizadas. B3.5. Aplicacións da normalización. B3.6. Escalas. Cotación. B3.7. Debuxo industrial. B3.6. Escalas. Cotación. B3.8. Debuxo arquitectónico. B3.9. Cortes e seccións.</p>	<p>B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos.</p>	<p>DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.</p>	
		<p>DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.</p>	CAA
		<p>DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p>	CMCCT
		<p>DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p>	
		<p>DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.</p>	CSIEE
<p>Instrumentos de avaliación. Exercicios resoltos en ordenador (CAD). Observación directa.</p>		<p>Temporalización. Xuño.</p>	

37. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Metodoloxía.

Temporalización.

Adícanse **catro sesións semanais** de 50 minutos á materia de DTI.

Cursan a materia un único grupo de **seis alumn@s** que non cursaron a materia de EPVA o curso 2019/20.

Estrutura da materia.

A materia estruturase en tres bloques e **oito unidades didácticas**.

Materiais didácticos.

Non se emprega libro de texto.

@s alumn@s estarán matriculados na aula virtual habilitada da materia e a través deste canle se lles facilitará información sobre a materia

Medios dixitais.

O alumnado asistirá unha vez por semana á aula de informática para aprender o manexo de programas de CAD e realizar prácticas de debuxo técnico en formato dixital.

38. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Criterios de avaliación e cualificación.

11.1. Instrumentos de avaliación.

Para avaliar ao alumnado recolleremos información a través dos seguintes instrumentos:



1- Observación directa na aula do alumno ou alumna, avaliando os seguintes aspectos:

- Amona interese polo traballo, cunha actitude positiva.
- Intervén con frecuencia, formula cuestións pertinentes e interesantes.
- Axuda aos compañeiros e compañeiras cando o precisan, e colabora co profesorado.
- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado.
- Achega sempre á aula o material necesario para a elaboración das actividades.
- Chega á aula con puntualidade, non se demora en preparar o material necesario e, ao rematar a clase, non recolle ata que llo autoriza o profesorado.

2- Traballos individuais realizados en papel (láminas).

3- Traballos individuais realizados en ordenador (CAD).

4- Probas-exame.

11.2. Instrumentos de calificación.

i. Avaliación ordinaria.

En cada unha das avaliacións trimestrais, a cualificación do alumnado obterase a partir dos instrumentos de avaliación e respectivas ponderacións que se indican a continuación:

Instrumento de avaliación	Ponderación
Láminas en papel	15%
Exercicios en CAD	15%
Observación directa	10%
Probas-examen	60%

Os exames cualificaranse sobre 10 puntos, sendo o 3 a nota mínima esixida neles para poder aprobar cada avaliación. É obrigatoria a entrega do 90% das láminas e do 90% dos traballos de CAD para aprobar.

As avaliacións suspensas serán obxecto de probas de recuperación, unha por avaliación.

A cualificación na avaliación final ordinaria obterase como media aritmética das tres avaliacións trimestrais. O alumnado que teña unha media igual o superior ao 5 entre as tres avaliacións, terá a materia aprobada. O alumnado suspenso fará unha proba de recuperación final global, que se realizará antes de rematar o curso.

ii. Avaliación extraordinaria.

Na avaliación extraordinaria, a cualificación obterase mediante unha proba-exame a realizar na aula, que proporcionará o 100% da nota.



39. Debuxo Técnico I - 1º BACH. Contidos mínimos nas probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria.

Fíxanse os contidos mínimos das probas de xuño e setembro que o alumnado, que non ten superado o curso, deberá demostrar para chegar á nota de 5. O resto de preguntas do examen se fará con outros contidos do resto do programa.

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp
b d e g i l m	B1.1. Trazados xeométricos. B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico. B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza. B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte. B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico. B1.6. Trazados fundamentais no plano. B1.7. Operacións con segmentos. B1.8. Mediatriz. B1.9. Paralelismo e perpendicularidade. B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións. B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares. B1.12. Circunferencia e círculo. B1.13. Ángulos. B1.18. Resolución gráfica de triángulos. B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables. B1.14. Trazado de polígonos regulares. B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos. B1.16. Representación de formas planas. B1.17. Trazado de formas proporcionais. B1.20. Proporcionalidade e semellanza. B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario. B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas. B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións.	B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.	DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	CSIEE
			DT1.B1.1.2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.	CMCCT
			DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.	CAA
			DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.	
			DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.	CMCT
			DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.	CSIEE
			DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.	
			DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaa para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.	CAA



b d e g i l	<p>B1.24. Tanxencias e enlaces. B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións. B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais. B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial. B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías. B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D. B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces.</p>	<p>B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	<p>DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.</p>	CMCCT
			<p>DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.</p>	CAA
			<p>DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.</p>	CSIEE
			<p>DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	

Bloque2. Sistemas de representación.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
b d e g i l	<p>B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación. B2.2. Sistemas de representación na arte. B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación. B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación. B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección. B2.6. Clases de proxección. B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías. B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.</p>	<p>B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles.</p>	<p>DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.</p>	CCL
			<p>DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.</p>	
			<p>DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.</p>	CD



Bloque2. Sistemas de representación.				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
